



SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

ANEXO 2.- INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Expediente: PCO.001.2022.00224

Asunto: CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA VEXETAL, CONTROL ARQUEOLÓXICO E REDACCIÓN DUN PROTOCOLO DE ROZA DAS RUTAS E BENS ARQUEOLÓXICOS RECOLLIDOS NO PLAN DIRECTOR DO PARQUE ARQUEOLÓXICO COMPOSTELA RUPESTRE.

En base ao disposto no artigo 116.4.f) la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, cando sexa necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Polo que vista a necesidade de contratar os SERVIZOS DE LIMPEZA VEXETAL, CONTROL ARQUEOLÓXICO E REDACCIÓN DUN PROTOCOLO DE ROZA DAS RUTAS E BENS ARQUEOLÓXICOS RECOLLIDOS NO PLAN DIRECTOR DO PARQUE ARQUEOLÓXICO COMPOSTELA RUPESTRE emítase o seguinte INFORME:

- Que a sección de Turismo desta deputación non conta con persoal técnico nin material para atender as necesidades e funcións que require este servizo.
- Que se trata de funcións específicas e concretas, non habituais, que só se poden prestar por unha empresa de servizos, debido á dificultade e especialización das tarefas a realizar e ante a imposibilidade de prestarse por persoal da Deputación da Coruña.
- Que ademais o volume de traballo que estes servizos requiren non pode ser desenvolto polo persoal existente.
- Por todo o exposto, ante a carencia de medios persoais e materiais axeitados, considerase acreditada a necesidade de contratación externa para a prestación dos servizos sinalados.